

A Fegamp reclámalle a Xustiza que manteña abertos os actuais Rexistros da Propiedade en Galicia

A Executiva considera os peches previstos como un ataque ao medio rural

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2017. A Comisión Executiva da Fegamp aprobou hoxe por unanimidade demandar ao Ministerio de Xustiza que manteña abertos todos os Rexistros da Propiedade que existen a día de hoxe en Galicia. A Federación Galega de Municipios e Provincias considera inaceptable que o executivo central suprima este servizo en varios concellos galegos, afectando de xeito directo á súa cidadanía, tecido empresarial e oportunidades de emprego.

A Fegamp rexeita de cheo que a orde ministerial sobre o peche dos Rexistros se producira sen ningún tipo de consulta, nin explicación aos municipios. Segundo o presidente, Alfredo García: “É un paso máis para suprimir servizos no rural e isto vai totalmente en contra do tan citado reequilibrio territorial. O reequilibrio faise mantendo os servizos que existen no interior de Galicia e levando empresas que xeren emprego, non destruindo oportunidades e postos de traballo”.

A Fegamp trasladará unha circular urxente ao Ministerio de Xustiza e apelará a maiores á Xunta de Galicia e ao Parlamento Galego, para garantir o mantemento do servizo.

Máis información: Prensa Fegamp – Raquel Miranda (981 555 999/ 606 648 550) comunicacion@fegamp.gal